

MANOLO RODRIGUEZ, XENEROSO E BO

Xeneroso e bo. Non sei porque se adoita a fórmula de "bo e xeneroso". Se non é anterior, seguro que procede do poema de Cabanillas adicado a Castelao na súa morte:

"Morreu do mal dos bos e xenerosos:
¡morreu de amor á terra!

Manolo Rodríguez López, Manolo de Paradela, tiña eses males: Era bo e xeneroso, e tiña un amor á terra dos que non se poden conter no peito.

Por eso en vida sufriu atrancos: porque era demasiado bo nun mundo no que a loita prima sobre a convivencia; porque a súa divisa era demasiado sincera, demasiado aberta, demasiado boa.

Por eso agora, desde se foi, queda en nós tan fonda e grata lembranza. Por eso Manuel Rodríguez López segue vivo en nós para tódolos que tivemos a ledicia de disfrutar da súa amizade, do seu maxisterio, do seu exemplo. E algúns dos seus amigos témola ledicia de poder participar nesta fermosa iniciativa do Concello de Paradela -presidido por outro amigo de Manolo- que cada ano volve poñer de actualidade ó escritor e ó home; ó nativo de Paradela.

Xeneroso e bo, Manolo Rodríguez. Encaixa á perfección co que Cabanillas quería. Mamolo era -é- dos que merecían que os tempos fosen chegados, para vivir na Galicia do porvir. Pero fan falla moitos coma el para que esa Galicia naza, medre e sexa realidade.

Porque Galicia só pode xurdir dos bos e xenerosos, dos xenerosos e bos que vivan no amor á terra, que morran no amor á terra.

Ogallá que esta causa de morte -o amor á terra- complementaria a calquera outra causa se prodigue, e cando -como dicía Lorenzo Varela- "aremos sobre os mortos desta terra" se produza unha colleita como a que Manolo soñou e que tanto traballou por conseguir.

Descansa en paz, Manolo Rodríguez López, morto de amor á terra, xeneroso e bo,
sempre vivo en nós.

Xulio Xiz.